

ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

En cumprimento do disposto no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99), así como a resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/24), pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a seguinte convocatoria de eleccións ao Consello Escolar.

SECTOR ALUMNADO:

- Corresponde renovar e, polo tanto, elixir **TRES** alumnos/as.
- Son electores/as e elixibles todos os/as alumnos/as matriculados/as no centro no presente curso.
- O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 6 de novembro.
- A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **1 ao 8 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.
- A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 11 de novembro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, desde o 12 ata o 13 de novembro ata as 14.00 horas.
- As **votacións** realizaranse o **19 de novembro de 2024 entre as 08.45 e as 13.30 horas**.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada alumno/a fará constar na súa papeleta un máximo de **DOUS** nomes da listaxe de candidatos/as presentados/as.
- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

En cumprimento do disposto no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias, así como a resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a seguinte convocatoria de eleccións ao Consello Escolar.

SECTOR FAMILIAS:

- Corresponde renovar e, polo tanto elixir, **DOUS** integrantes.
- Son electores/as e elixibles todos os/as pais, nais e titores legais do alumnado do centro no presente curso.
- O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 6 de novembro.
- A **presentación de candidaturas** poderá formularse desde o **1 ao 8 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.
- A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 11 de novembro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, desde o 12 ata o 13 de novembro ata as 14.00 horas.
- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre as nais, pais e titores legais que non se presenten como candidatos o 11 de novembro ás 11:45h. Dita mesa electoral estará formada polo director, que actuará como presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade. No caso de que estes non se presentes, a mesa quedará constituída pola persoa directora e os dous primeiros votantes, sempre que non sexan candidatos. A Xunta prevé o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
- As **votacións** realizaranse o **19 de novembro de 2024 entre as 16.10 e as 19.00 horas**.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada pai, nai ou titor legal fará constar na súa papeleta un máximo de **UN** nome da listaxe de candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admite o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

En cumprimento do disposto no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99), así como a resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/24), pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a seguinte convocatoria de eleccións ao Consello Escolar.

SECTOR PROFESORADO:

- Corresponde renovar e, polo tanto elixir, **CATRO** integrantes.
- Son electores/as e elixibles todos docentes do centro no presente curso.
- O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 6 de novembro.
- A **presentación de candidaturas** poderá formularse desde o **1 ao 8 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.
- A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 11 de novembro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, desde o 12 ata o 13 de novembro ata as 14.00 horas.
- As **votacións** realizaranse o **18 de novembro de 2024 entre as 16:35 e as 17:35 horas**.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada docente fará constar na súa papeleta un máximo de **DOUS** nomes da listaxe de candidatos/as presentados/as.
- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

En cumprimento do disposto no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99), así como a resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/24), pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a seguinte convocatoria de eleccións ao Consello Escolar.

SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

- Corresponde renovar e, polo tanto elixir, **UN** integrante.
- Son electores/as e elixibles todos membros do persoal de administración e servizos do centro no presente curso.
- O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 6 de novembro.
- A **presentación de candidaturas** poderá formularse desde o **1 ao 8 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.
- A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 11 de novembro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, desde o 12 ata o 13 de novembro ata as 14.00 horas.
- As **votacións** realizaranse o **19 de novembro de 2024 entre as 14:30 e as 15:30 horas**.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada integrante do persoal de administración e servizos fará constar na súa papeleta **UN** nome da listaxe de candidatos/as presentados/as.
- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

Laxe, 30 de outubro de 2024.

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral

Ana María Porteiro Chouciño